



CONCELLO DE MUXÍA

Rúa Real, 35  
15124 MUXÍA (A Coruña)  
Telfs: 981 742 001  
Fax: 981 742 298  
CIF: P1505300B  
[correo@muxia.es](mailto:correo@muxia.es)  
[www.concellomuxia.com](http://www.concellomuxia.com)

BASES QUE REXERÁN O PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN DE PERSOAL PARA A PROVISIÓN, EN REXIME DE LABORAL TEMPORAL, DE 8 POSTOS DE PEÓNS. PROGRAMA DE INTEGRACIÓN LABORAL DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA 2020

### **PRIMEIRA.-OBJECTO DA CONVOCATORIA.**

É obxecto desta convocatoria a provisión, mediante o sistema de concurso oposición, en réxime de dereito laboral temporal, de:

- 8 postos de traballo de PEÓNS do Concello de Muxía, durante un período de 3 meses cunha xornada laboral de 5'5 horas/día.

Estas contratacións están subvencionadas pola Deputación Provincial da Coruña, polo que se terán en conta as bases do programa de Integración Laboral mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais dos concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes, PEL CONCELLOS, anualidade 2020 (publicado no BOP núm. 29 do 12/02/2020).

As tarefas a realizar serán as propias de cada posto, en todo caso as necesarias para a execución das competencias en materia de servizos municipais mínimos.

### **SEGUNDA.-DURACIÓN, TIPO DE CONTRATO E FUNCIÓNS DO POSTO.**

Os contratos laborais que se realizarán coas persoas seleccionadas serán de duración determinada, por obra ou servizo, cunha xornada laboral de 27,5 horas semanais, por un período de 3 meses, coa distribución de xornadas que estableza a Alcaldía.

As vacacións e o horario, que poderá ser partido en xornada de mañá e tarde, e de luns a domingo, adaptaranse as necesidades do servizo.

Son funcións do posto entre outros: recollida de residuos, limpeza viaria, acceso a núcleos de poboación, pequenas obras de reparación e mantemento relacionadas coa pavimentación de vías públicas, parques, acceso a núcleos de poboación, rede de sumidoiros, abastecemento domiciliario de auga potable e alumeadado público, limpeza de maleza, e calquera outra que se encomende de acordo co posto

### **TERCEIRA.- REQUISITOS**

1.-Para seren admitidos ó presente proceso selectivo os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:



## CONCELLO DE MUXÍA

Rúa Real, 35  
15124 MUXÍA (A Coruña)  
Telfs: 981 742 001  
Fax: 981 742 298  
CIF: P1505300B  
[correo@muxia.es](mailto:correo@muxia.es)  
[www.concellomuxia.com](http://www.concellomuxia.com)

a) Ter a nacionalidade española. Tamén poderán participar os nacionais dos Estados membros da Unión Europea, o cónxuxe dos españois e dos nacionais doutros Estados membros da Unión Europea, calquera que sexa a súa nacionalidade e sempre que non estean separados de dereito, e os seus descendentes e os do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinteún anos ou maiores de dita idade dependentes; as persoas incluídas no ámbito de aplicación dos Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores; e os estranxeiros con residencia legal en España.

(Acreditarase coa fotocopia do DNI.)

b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas atribuídas ao posto de traballo.

c) Ter cumpridos 16 anos de idade e non ter acadado a idade máxima de xubilación forzosa.

d) Non padecer enfermidade ou eiva física que impida o desenvolvemento das funcións ou tarefas correspondentes á praza á que se opte.

e) Non ter sido separado, mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público

f) Titulación necesaria: non se esixe.

### **Requisitos específicos:**

a) As persoas a contratar deberán estar en situación de desemprego na data de inicio do proceso selectivo e atoparse nalgunha das seguintes situacións de exclusión laboral (ver Resolución de Presidencia da Deputación provincial núm. 2020/4819 de 11/02/2020, BOP núm. 29 do 12/02/2020):

a) Mulleres, ao ter un diferencial de índice de paro rexistrado sensiblemente superior ao dos homes.

b) Maiores de 45 anos.

c) Parados de longa duración. Aos efectos deste programa terán esta consideración aquelas persoas que leven un mínimo de dous anos como demandantes de emprego.

d) Persoas con discapacidade: aquelas persoas que teñan recoñecida, pola administración competente, unha discapacidade nun grao igual o superior al 33%. A acreditación da discapacidade será comprobada polos concellos no proceso de selección das persoas a contratar.

e) Persoas desfavorecidas que estean nalgunha das seguintes situacións



## CONCELLO DE MUXÍA

Rúa Real, 35  
15124 MUXÍA (A Coruña)  
Telfs: 981 742 001  
Fax: 981 742 298  
CIF: P1505300B  
[correo@muxia.es](mailto:correo@muxia.es)  
[www.concellomuxia.com](http://www.concellomuxia.com)

- Persoas en situación de drogodependencia.
- Persoas que vivan nun fogar onde ninguén teña emprego.
- Persoas con fogar monoparental.
- Persoas con problemas para atopar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais.
- Persoas vítimas de violencia de xénero.
- Persoas sen fogar.

Os requisitos esixidos no apartado e) acreditaranse mediante informe social do Concello onde resida

Os anteriores requisitos xerais e específicos deberanse reunir con referencia ao último día do prazo de presentación de solicitudes, e gozar deles ata a toma de posesión, e será nulo o nomeamento dos aspirantes que estean incurso en causas de incapacidade segundo a normativa vixente.

### **CUARTA.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES. ADMISIÓN DE ASPIRANTES. DATA E LUGAR DE REALIZACIÓN DAS PROBAS.**

#### **PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:**

Nas Oficinas municipais ou a través da Sede Electrónica na páxina web municipal no prazo de 10 días naturais contados a partir do día seguinte á publicación das presentes bases na Sede Electrónica na páxina web municipal.

As instancias tamén se poderán presentar na forma que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Non obstante, neste último caso, os solicitantes deberán adiantar un xustificante de ter presentado a solicitude, debidamente rexistrada dentro do prazo de presentación de instancias, a través de calquera medio que permita deixar constancia (fax, e-mail, telegrama,...) que deberá ter entrada no Rexistro do concello antes de que remate o prazo e hora fixados como o último día para a presentación de solicitudes (número de fax do Concello de Muxía 981 74 22 98, e-mail do concello: [correo@muxia.es](mailto:correo@muxia.es)).

Aquelas solicitudes que se presenten fóra do prazo establecido a tal efecto, quedarán excluídas do proceso de selección.

#### **DOCUMENTACIÓN:**

As instancias irán acompañadas do DNI, tarxeta de desemprego, informe de vida laboral actualizado, Celga 1 ou equivalente, se se posue (se non é así deberá facer a proba de galego), xustificantes dos méritos alegados e requisitos esixidos e documentación acreditativa da situación de exclusión na que se atopa.



CONCELLO DE MUXÍA

Rúa Real, 35  
15124 MUXÍA (A Coruña)  
Telfs: 981 742 001  
Fax: 981 742 298  
CIF: P1505300B  
[correo@muxia.es](mailto:correo@muxia.es)  
[www.concellomuxia.com](http://www.concellomuxia.com)

## ADMISIÓN:

Unha vez rematado o prazo anterior, a Alcaldía aprobará a listaxe provisional de persoas admitidas para o proceso de selección. Será publicada na web oficial do Concello de Muxía ([www.concellomuxia.com](http://www.concellomuxia.com)) e no taboleiro de anuncios. Darase un prazo de 1 día hábil para que as persoas excluídas presenten alegacións ou soliciten subsanacións. Para o caso de que non houberse excluídos a dita listaxe terá carácter de definitiva.

Transcorrido ese período a Alcaldía ditará Resolución coa aprobación definitiva da listaxe de admitidos e excluídos, a composición do Tribunal, e o lugar e data da realización das probas.

## TRIBUNAL.

Os membros do Tribunal Cualificador do proceso selectivo serán designados polo Alcalde segundo o disposto no artigo 60 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e no artigo 59 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia e en atención ao principio de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros.

O Tribunal estará integrado por persoal funcionario.

Os membros do tribunal deberán tomar as medidas necesarias para evitar o contaxio do covid19, para o cal, concello deberá proveelos dos EPIS necesarios, os cales serán de utilización obrigatoria. Así mesmo deberán de manter unha distancia mínima de seguridade de 2 metros entre eles.

## PROCESO SELECTIVO.

Efectuarase mediante concurso-oposición libre.

A **fase de concurso** non será eliminatória e levarase a cabo despois da fase de oposición.

- Por ter rematado favorablemente programas de capacitación, formación e integración no mundo laboral organizados ou financiados polas administracións públicas relacionadas co posto de traballo. (Máx. 2)
  - Cursos de máis de 200 h: 0,75 puntos
  - Cursos de 60 a 199 h: 0,5 puntos –
  - Cursos de 10 a 59 h: 0,20 puntos



CONCELLO DE MUXÍA

Rúa Real, 35  
15124 MUXÍA (A Coruña)  
Telfs: 981 742 001  
Fax: 981 742 298  
CIF: P1505300B  
[correo@muxia.es](mailto:correo@muxia.es)  
[www.concellomuxia.com](http://www.concellomuxia.com)

A **fase de oposición**. Exercicio obrigatorio e eliminatorio que consistirá na realización dun exercicio tipo test ou preguntas curtas sobre o Anexo 1 destas bases, valorable de 0 a 10 puntos. Puntuación máxima 10, puntuación mínima 5.

Os/as aspirantes deberán presentarse para realizaren os exercicios provistos do D.N.I., ou documento fidedigno acreditativo da súa personalidade a xuízo do tribunal . Os/as aspirantes deberán asistir á proba provistos de mascarilla e bolígrafo propio.

A non presentación a esta proba no momento de seren chamados comporta que decaea automaticamente no seu dereito a participar, e quedará excluído do proceso selectivo

**Celga 1:** Aqueles aspirantes que non presenten a titulación Celga 1 solicitada nestas bases, realizarán unha proba oral de galego, de carácter obrigatorio e eliminatorio, que se calificará como apto ou non apto. A calificación na proba como non apto supón a exclusión por parte do candidato do procedemento de selección.

#### **LISTA DE SELECCIONADOS E PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS:**

Rematada a cualificación, será publicada no taboleiro de anuncios a relación puntuada das persoas seleccionadas.

No caso de empate de puntuación terán preferencia os aspirantes con maior puntuación no apartado de oposición e se persiste o empate por sorteo.

As persoas seleccionadas deberán de presentar no prazo dun día hábil a partir da publicación do resultado da selección a seguinte documentación:

- Certificado da conta bancaria e número de afiliación da seguridade social.
- Declaración xurada de non atoparse separado do servizo de AAPP, nin estar incurso en causas de incapacidade ou incompatibilidade.

Formularase listaxe de reserva coas persoas que non obtiveron posto por menor puntuación.

#### **QUINTO. INCIDENCIAS**

O tribunal queda facultado para resolver cantas dúbidas e incidencias poidan xurdir no desenvolvemento deste proceso selectivo e en todo o non previsto nas bases, así como para a interpretación destas, e tomar os acordos necesarios para a boa orde e adecuado desenvolvemento do proceso; e, todo isto, con pleno sometemento ás previsións normativas aplicables ao respecto, e con arranxo ao sentido e contido das propias bases.



**CONCELLO DE MUXÍA**

Rúa Real, 35  
15124 MUXÍA (A Coruña)  
Telfs: 981 742 001  
Fax: 981 742 298  
CIF: P1505300B  
[correo@muxia.es](mailto:correo@muxia.es)  
[www.concellomuxia.com](http://www.concellomuxia.com)

**PROGRAMA- ANEXO 1**

- 1.- O Termo municipal de Muxía. Lugares de interese, parroquias e lugares de poboación.
2. Os servizos mínimos municipais: recollida de lixo, abastecemento de auga, limpeza viaria,...
3. Dereitos e deberes dos empregados/as públicos
4. Nocións básicas sobre seguridade e hixiene no traballo
5. Tarefas dun operario/a de servizos múltiples. Útiles e ferramentas